

1. O recoñecemento dun dereito económico polo que se declara un crédito a favor da USC farase:
 - a) No momento no que se coñece de xeito fidedigno.
 - b) No momento no que se coñece de xeito fidedigno sempre que o cobramento resulte simultáneo.
 - c) No momento no que se coñece de xeito fidedigno sempre que o cobramento resulte posterior ao dito recoñecemento.
 - d) Non se extingue polo seu cobramento.
2. O acto mediante o cal se declara a existencia dun crédito esixible contra a universidade defínese como:
 - a) Aprobación do gasto.
 - b) Compromiso ou disposición do gasto.
 - c) Recoñecemento da obriga.
 - d) Execución do pagamento.
3. Respecto da actividade económico-financeira da USC, o regulamento de xestión orzamentaria da USC establece que a normativa autonómica de réxime financeiro e orzamentario:
 - a) Terá carácter supletorio.
 - b) Terá carácter preferente.
 - c) Non se aplica á USC.
 - d) Terá carácter obrigatorio.
4. Indique cal das seguintes calidades non caracteriza o orzamento da USC:
 - a) Público.
 - b) Equilibrado.
 - c) Único.
 - d) Aproximado.
5. Indique a resposta incorrecta respecto do contido do orzamento da USC:
 - a) Contén os orzamentos das entidades de dereito público que teña adscritas.
 - b) Contén o resumo dos estados financeiros das entidades vinculadas.
 - c) Contén o resumo dos estados financeiros das entidades dependentes.
 - d) Contén os orzamentos de todas as entidades nas que posúa unha participación, aínda que esta non sexa maioritaria.
6. Un dos principios orzamentarios recollidos no regulamento de xestión orzamentaria da USC establece que os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse aos orzamentos:
 - a) Polo seu importe neto.
 - b) Mediante a minoración dos dereitos que se vaian liquidar.
 - c) Polo seu importe íntegro.
 - d) Polo seu importe líquido.
7. A operación en virtude da cal o ordenador competente expide a orde de pagamento contra a Tesourería da Comunidade a favor do respectivo acredor denomínase:
 - a) Recoñecemento da obriga.
 - b) Disposición.
 - c) Ordenamento do pagamento.
 - d) Proposta de pagamento.

8. Segundo o seu regulamento de xestión orzamentaria, a USC desenvolverá a súa xestión económico-financeira baixo o principio de:
- Descentralización.
 - Desconcentración competencial.
 - Xestión económica delegada.
 - Afectación en todo caso.
9. En relación co orzamento da USC, o seu regulamento de xestión orzamentaria establece que:
- O Claustro aproba o proxecto que logo é presentado polo Consello de Goberno ao Consello Social para a súa aprobación.
 - O Consello Social aproba o orzamento logo de que o Consello de Goberno lle dea traslado das liñas xerais aprobadas polo Claustro Universitario.
 - O Consello de Goberno aproba o orzamento no marco das liñas xerais acordadas polo Claustro.
 - O Orzamento, así como as bases de execución, son aprobadas polo Consello Social.
10. En relación coa competencia para ditar actos administrativos relativos ás distintas fases do procedemento de execución de gastos e pagamentos, indique a resposta correcta:
- Trátase dunha competencia do reitor ou reitora que pode ser delegada.
 - É unha competencia que lle corresponde ao xerente ou xerenta.
 - É unha competencia do reitor ou reitora que non pode ser delegada.
 - É unha competencia dos decanos ou decanas e directores ou directoras de centro.
11. O regulamento de xestión orzamentaria da USC establece, respecto do Fondo de continxencia e outros imprevistos, o seguinte:
- Dende un punto de vista da clasificación económica forma parte dos Gastos de Capital.
 - Dende un punto de vista da clasificación económica forma parte dos Gastos Correntes.
 - É xestionado pola Xerencia dando conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social.
 - Os orzamentos da USC sempre deben recoller unha cantidade por este concepto.
12. En relación cos ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos orzamentados aos que se fai referencia no regulamento de xestión orzamentaria da USC, indique cal das seguintes operacións non poderá xerar crédito nos estados de gastos do orzamento da USC:
- Prestación de servizos.
 - Aluguer de bens.
 - Ingresos afectados á realización de determinadas actuacións.
 - Ingresos por reintegros de pagamentos indebidos.
13. Segundo a Lei Orgánica 1/1981 de Estatuto de Autonomía para Galicia, nas eleccións ao Parlamento de Galicia, a circunscrición electoral será:
- En todo caso, a provincia.
 - En todo caso, a comunidade autónoma.
 - En todo caso, o concello.
 - A que elixa o presidente da Xunta de Galicia.
14. Segundo a Lei Orgánica 1/1981 de Estatuto de Autonomía para Galicia, a Xunta de Galicia:
- Poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade e persoarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.
 - Non poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade, esta función correspóndelle exclusivamente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
 - Non poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade, esta función correspóndelle exclusivamente ao Parlamento de Galicia.
 - Non poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade, esta función correspóndelle exclusivamente ao Senado.

15. Segundo a Constitución Española de 1978, a soberanía nacional reside en:
- A monarquía, da que emanan os poderes do Estado.
 - As Cortes, das que emanan os poderes do Estado.
 - O pobo español, do que emanan os poderes do Estado.
 - A Constitución Española, da que emanan os poderes do Estado.
16. Está recoñecida a autonomía das universidades na Constitución Española de 1978?:
- Non está recoñecida pola Constitución Española de 1978.
 - Recoñécese, nos termos que a lei estableza.
 - Recoñécese exclusivamente para as universidades públicas.
 - Recoñécese exclusivamente para as universidades privadas.
17. Segundo a Constitución Española de 1978, o Estado organízase territorialmente en:
- Concellos, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan.
 - Concellos, deputacións e as comunidades autónomas que se constitúan.
 - Localidades, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan.
 - Concellos, provincias e as rexións que se constitúan.
18. Segundo o Real Decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, a seguinte definición “as ensinanzas oficiais que teñen como obxectivo a formación avanzada, de carácter especializado tematicamente ou multidisciplinar, dirixida á especialización académica e á profesional”, correspóndese con:
- As ensinanzas de formación permanente.
 - As ensinanzas oficiais de Máster Universitario.
 - As ensinanzas oficiais de Grao Universitario.
 - As ensinanzas de Doutoramento.
19. Segundo o Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, os títulos universitarios oficiais de Grao e Máster poderán incluír a mención dual, que comporta un proxecto formativo común que se desenvolve complementariamente no centro universitario e nunha entidade colaboradora, para cuxa obtención deberán concorrer, entre outras, as seguintes circunstancias:
- A porcentaxe de créditos que se desenvolvan na entidade colaboradora será de entre o 20% e o 40% dos créditos, nos títulos de Grao, sen que inclúan o traballo de fin de Grao.
 - A porcentaxe de créditos que se desenvolvan na entidade colaboradora será de entre o 25% e o 50% dos créditos, nos títulos de Máster Universitario, sen que inclúan o traballo de fin de Máster.
 - A actividade formativa desenvolvida de xeito dual non se pode alternar cunha actividade laboral retribuída.
 - A porcentaxe de créditos que se desenvolvan na entidade colaboradora será de entre o 20% e o 40% dos créditos nos títulos de Grao e de entre o 25% e o 50% dos créditos nos títulos de Máster, incluíndo nestas porcentaxes o traballo de fin de Grao ou de Máster.
20. Segundo o Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, as universidades no exercicio da súa autonomía poderán ofrecer programas de ensino de Grao con itinerario académico aberto e deberán ter unha carga crediticia:
- De entre 30 e 90 créditos para os títulos de Grao de 300 créditos.
 - De entre 60 e 120 créditos para os títulos de Grao de 240 créditos.
 - De entre 60 e 180 créditos para os títulos de Grao de 360 créditos.
 - De entre 25 e 90 créditos para os títulos de Grao de 180 créditos.

21. O Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, dispón que as universidades poderán organizar e ofertar programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de Grao ou de Máster cun itinerario específico:
- Que dará lugar á obtención, se son superadas todas as disciplinas que o configuran, de cada un dos títulos universitarios oficiais que o conforman.
 - Podendo implementarse programas académicos para simultanear tres ou máis titulacións.
 - Que darán acceso á obtención, se son superadas todas as disciplinas que o configuran, aos títulos de experto que organice a universidade.
 - Este Real Decreto non fai referencia a programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico.
22. Segundo o Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, co obxecto de asegurar a calidade dos estudos universitarios oficiais, os títulos universitarios oficiais deberanse someter a procedementos de avaliación externa de acordo cos criterios e directrices de aseguramento de calidade no espazo europeo de educación superior, e serán os órganos responsables de tramitar estes procedementos:
- A axencia nacional de avaliación da calidade e acreditación (ANACA).
 - A Secretaría de Estado de Universidades.
 - As Direccións Xerais de Universidades dos gobernos autonómicos con competencias na materia.
 - Os Consellos Sociais de cada universidade.
23. Segundo o Real Decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, os estudos universitarios que conducen á obtención de títulos oficiais impartidos polas universidades estrutúranse en tres ciclos denominados respectivamente, Grao, Máster e Doutoramento, que:
- En todo caso, incluírán especialidades, en forma de micromódulos que fortalezan a formación ao longo da vida.
 - A súa superación conforme ao correspondente plano de estudos, no caso de Grao e Máster, dará lugar á obtención dos títulos universitarios oficiais de Grao e Máster Universitario.
 - Unha vez finalizados os programas, dará lugar á obtención de títulos de Grao e Máster especialista.
 - A súa superación conforme ao correspondente programa, no caso do doutoramento, dará lugar unicamente á obtención do título de Doutoramento Institucional.
24. Segundo o Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, as ensinanzas universitarias oficiais e as de formación permanente poderán desenvolverse en modalidade docente:
- Presencial e interactiva.
 - Presencial, híbrida e virtual.
 - Só se prevé a modalidade presencial e híbrida, non a virtual.
 - A modalidade virtual reservase exclusivamente para estudos xeneralistas de primeiro ciclo universitario.
25. Segundo o Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, o volume de créditos recoñecibles a partir da experiencia profesional ou laboral, ou aqueles procedentes de estudos universitarios non oficiais non poderá superar globalmente:
- O 30 por cento do total de créditos que configuran o plano de estudos, do título que se pretende obter.
 - O 15 por cento do total de créditos que configuran o plano de estudos do título que se pretende obter.
 - O 45 por cento do total de créditos que configuran o plano de estudos do título que se pretende obter.
 - O 50 por cento do total de créditos que configuran o plano de estudos do título que se pretende obter.

26. Segundo o establecido no Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, se se asina un convenio entre un centro de formación profesional de grao superior e un centro universitario, a proporción de créditos recoñecibles nun título universitario oficial de Grao, poderá ser con respecto á carga crediticia total do título:
- a) De ata o 50%.
 - b) De entre un 10% e un 30%.
 - c) De ata un 25%.
 - d) Dun máximo do 10%.
27. Segundo o Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, a transferencia de créditos académicos fai referencia á inclusión no expediente académico e no suplemento europeo do título:
- a) Dunha porcentaxe do 30% dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais que conduciran á obtención dun título universitario oficial.
 - b) Da totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas previamente que non conduciran á obtención dun título universitario oficial.
 - c) Unicamente se incluírán os créditos de ensinanzas propias ou de formación continua.
 - d) Non se poderán recoñecer créditos a partir da experiencia profesional.
28. Segundo o Real decreto 822/2021, que substitúe ao 1393/2007, reguladores da organización das ensinanzas universitarias, as ensinanzas oficiais de Grao poden complementarse coa incorporación de mencións:
- a) Os Graos deberán incluílas obrigatoriamente.
 - b) Terán un máximo de 35% da carga de créditos total dun título de Grao.
 - c) O título non incorporará a mención se a houbese.
 - d) Cada mención terá como mínimo o equivalente ao 20% da carga de créditos total dun título de Grao.
29. O Real decreto 99/2011 polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, establece que aos doutorandos admitidos nun programa de doutoramento:
- a) Asignaráselles por parte da correspondente Comisión Académica un director de tese, pero en ningún caso no momento da admisión.
 - b) Matricularanse anualmente na universidade correspondente polo concepto de tutela académica.
 - c) Matricularanse na universidade correspondente polo concepto de tutela académica, unicamente o ano en que presentan a tese.
 - d) Asignaráselles un titor que obrigatoriamente terá que coincidir co director da tese.
30. O Real Decreto 99/2011 polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, establece que o tribunal que avalíe a tese de doutoramento emitirá un informe e a cualificación global concedida á tese de acordo coa seguinte escala:
- a) Suspenso, aprobado, notable e sobresaliente cum laude se, tras a votación por maioría, así se establece.
 - b) Non apto, aprobado, notable e sobresaliente. Neste último caso, poderá outorgar a mención cum laude se se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade.
 - c) Non apto, aprobado, notable, sobresaliente e cum laude, se se emite un voto nese sentido por maioría simple.
 - d) O tribunal non emite informe, remitirá unha acta ao doutorando.
31. O Real decreto 99/2011 polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, establece que a duración dos estudos, contados desde a admisión do doutorando ao programa ata a presentación da tese de doutoramento será dun:
- a) Máximo de 2 anos, a tempo completo, podendo ter unha duración de 5 anos se se realiza a tempo parcial.
 - b) Mínimo de 1 ano, a tempo completo, podendo ter unha duración de 6 anos se se realiza a tempo parcial.
 - c) Máximo de 3 anos, a tempo completo, podendo ter unha duración de 5 anos se se realiza a tempo parcial.
 - d) Mínimo de 3 anos, a tempo completo, podendo ter unha duración de 6 anos se se realiza a tempo parcial.

32. Segundo o Real Decreto 22/2015 polo que se establecen os requisitos de expedición do Suplemento Europeo aos Títulos (SET):
- O SET deberá expedirse acompañando aos títulos oficiais e non oficiais de Grao ou Máster.
 - A primeira expedición do título leva consigo o aboamento dunhas taxas.
 - O SET non poderá ser expedido acompañado de diplomas ou títulos propios establecidos polas universidades ou outros centros non universitarios.
 - Poderá expedirse o SET antes da superación dos estudos conducentes aos títulos oficiais de Grao ou Máster.
33. O Real Decreto 22/2015 polo que se establecen os requisitos de expedición do Suplemento Europeo aos Títulos (SET) dispón que:
- O prazo de validez da certificación supletoria provisional ao título será dun ano desde a data de emisión, debendo constar na propia certificación supletoria provisional o devandito prazo.
 - O prazo de validez da certificación supletoria provisional ao título será de 3 anos desde a data de emisión, debendo constar na propia certificación supletoria provisional o devandito prazo.
 - O prazo de validez da certificación supletoria provisional ao título é indefinido.
 - A certificación ten o mesmo valor que o título oficial, podendo utilizar ambos os dous indistintamente.
34. O Real Decreto 1044/2003 define o Suplemento Europeo ao Título como:
- O documento que acompaña a cada un dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, coa información unificada, personalizada para cada titulado universitario, sobre os estudos cursados.
 - Non inclúe nada respecto dos resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas.
 - En ningún caso fará referencia ao nivel da súa titulación no sistema nacional de educación superior.
 - Non se expedirá o Suplemento Europeo ao Título, senón unicamente unha certificación de estudos.
35. Segundo o Real Decreto 412/2014, sobre a admisión ás ensinanzas universitarias de grao, os estudantes que comezaran os seus estudos universitarios nun determinado centro e os abandonaran temporalmente, sen prexuízo da normativa de permanencia, poderán continuar:
- No mesmo centro sen necesidade de volver a participar nun proceso de admisión se teñen superados, polo menos, 15 créditos ECTS.
 - Noutro centro do mesmo ámbito de coñecemento sen necesidade de volver a participar nun proceso de admisión se teñen superados, polo menos, 6 créditos ECTS.
 - Noutra Universidade da súa elección, sen necesidade de volver a participar nun proceso de admisión se teñen superados, polo menos, 25 créditos.
 - No mesmo centro sen necesidade de volver a participar nun proceso de admisión se teñen superados, polo menos, 6 créditos ECTS.
36. O Real Decreto 412/2014, sobre a admisión ás ensinanzas universitarias de grao, dispón que as universidades reservarán no seu conxunto para as persoas que accedan ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, tras a superación da proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos ou a acreditación dunha experiencia laboral ou profesional para maiores de 40:
- Unha porcentaxe de prazas mínima do 5 por 100 das prazas ofertadas.
 - Un número de prazas non inferior ao 1 por 100 nin superior ao 3 por 100.
 - Unha porcentaxe mínima do 3 por 100 das prazas ofertadas.
 - O número de prazas decídeo o Servizo de Xestión Académica.

37. Segundo o Real Decreto 412/2014 sobre a admisión ás ensinanzas universitarias de Grao, ningunha universidade pública poderá deixar vacantes prazas previamente ofertadas, mentres existan solicitudes para elas:
- Que cumpran os requisitos e fosen formalizadas dentro dos prazos establecidos por cada universidade.
 - Reservando unha cota de prazas para quen cumpra os requisitos nunha convocatoria posterior, pero acaden unha nota superior.
 - As universidades poden deixar prazas vacantes abrindo un prazo extraordinario de admisión no último trimestre do ano.
 - Que cumpran os requisitos, aínda que non fosen formalizadas dentro dos prazos establecidos por cada universidade.
38. Segundo o Real Decreto 412/2014 sobre a admisión ás ensinanzas universitarias de grao, o Goberno poderá establecer límites máximos de admisión de estudantes nos estudos de que se trate:
- En ningún caso afectarán ao conxunto de universidades privadas, pero si ás públicas.
 - Non son de aplicación as esixencias derivadas de directivas comunitarias ou de convenios internacionais.
 - Se se aprecian motivos de interese xeral e se acorda na Xunta de Facultade de cada centro.
 - Previo acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria.
39. Sinala a resposta incorrecta. Segundo a Lei 2/2015 de emprego publico de Galicia son causas de perda da condición de funcionario de carreira:
- A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que teña carácter firme.
 - Falecemento.
 - A xubilación total.
 - A sanción disciplinaria de separación do servizo que teña carácter provisional.
40. Sinala a resposta incorrecta. Segundo a Lei 2/2015 de emprego publico de Galicia, os empregados públicos incluídos no seu ámbito de aplicación, someteranse a un código de conduta configurado polos seguintes deberes:
- Exercer as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público, absténdose non só de condutas contrarias ao mesmo, senón tamén de calquera outra que comprometa a neutralidade no exercicio dos servizos públicos.
 - Administrar os recursos e bens públicos con austeridade e non utilízalos en proveito propio ou de persoas achegadas, así como velar pola súa conservación.
 - Respectar a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico.
 - Asociarse profesionalmente.
41. A Lei 2/2015 de emprego publico de Galicia regula o concurso ordinario e indica que o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por este sistema de provisión debe permanecer no mesmo:
- Un mínimo de 2 anos para poder participar noutros concursos ordinarios.
 - Un mínimo de 5 anos para poder participar noutros concursos ordinarios.
 - Un mínimo de 6 meses para poder participar noutros concursos ordinarios.
 - Ningunha das anteriores é correcta.
42. Cal, das que se enumeran a continuación, non é unha situación administrativa dos funcionarios de carreira segundo a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia?:
- Excedencia forzosa.
 - Servizo activo.
 - Comisión de servizos.
 - Suspensión de funcións.

43. A Lei 2/2015 de emprego público de Galicia prevé o traslado voluntario do persoal funcionario de carreira a sectores prioritarios de actividade pública con necesidades específicas de efectivos. Cal é a súa duración?:
- 1 ano prorrogable excepcionalmente por outro máis de manterse as necesidades.
 - 1 ano sen posibilidade de prórroga.
 - Mentres duren as necesidades.
 - 6 meses.
44. Segundo a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira pode ser adscrito a un posto de traballo en comisión de servizos forzosa, por necesidades do servizo urxentes. Cal é o prazo máximo?:
- Mentres dure a necesidade urxente.
 - 1 ano.
 - 6 meses.
 - 3 meses.
45. Sinala a resposta incorrecta. Segundo a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia os empregados públicos clasifícanse en:
- Persoal funcionario eventual.
 - Persoal funcionario de carreira.
 - Persoal laboral.
 - Persoal funcionario interino.
46. Sinala cales destes postos están reservados necesariamente ao persoal funcionario, segundo a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia:
- Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios.
 - Os postos de natureza non permanente e aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo.
 - Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesourería.
 - Os postos de carácter instrumental correspondentes a áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións, e artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística.
47. A Lei 2/2015 de emprego público de Galicia establece que as relacións de postos de traballo (RPT) serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido. Cal é o prazo máximo para efectuar estas propostas de modificación cando a persoa afectada non puidera ser adscrita a un posto de traballo vacante?:
- Non hai prazo máximo.
 - 5 anos contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.
 - 1 ano contado a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.
 - 3 meses contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.
48. Con respecto ao persoal directivo regulado na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, sinala cal das seguintes afirmacións é falsa:
- A adquisición da condición de persoal directivo levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia entre o persoal funcionario de carreira e o persoal laboral fixo das Administracións Públicas.
 - A adquisición da condición de persoal directivo levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia entre o persoal eventual das administracións públicas.
 - A adquisición da condición de persoal directivo basearase nos principios de mérito e capacidade e en criterios de idoneidade.
 - As retribucións do persoal directivo constarán dunha parte fixa que virá determinada pola titulación académica, a progresión acadada na carreira directiva e as características do posto directivo desempeñado, e, de ser o caso, dunha parte variable, que estará vencellada á consecución dos obxectivos fixados.

49. Sinale a resposta incorrecta. De acordo coa Lei 2/2015 de emprego público de Galicia son requisitos xerais para a participación nos procesos selectivos:
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
 - Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
 - Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.
 - Ter cumpridos 18 anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
50. A Lei 2/2015 de emprego público de Galicia recolle os sistemas de selección para o persoal incluído no seu ámbito de aplicación. Cal dos enunciados a continuación non é un sistema de selección?:
- Concurso.
 - Concurso-oposición.
 - Libre designación.
 - Oposición.
51. A Lei 2/2015 de emprego público de Galicia delimita o contido mínimo das bases da convocatoria dos procesos selectivos. Cal dos enunciados a continuación non forma parte do contido mínimo?:
- Orde de actuación dos aspirantes.
 - Sistema selectivo aplicable, debendo indicar o tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos.
 - Porcentaxe de prazas reservadas a promoción interna e para persoas con discapacidade, se procede.
 - As localidades de destino dos postos convocados.
52. Cal das seguintes afirmacións é a correcta en relación coa adquisición da relación de servizos das distintas clases de empregados públicos reguladas na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia?
- A adquisición da condición de persoal laboral adquirese pola toma de posesión e a acreditación de que se reúnen os requisitos e condicións esixidos e, de ser o caso, da superación do correspondente proceso selectivo.
 - A adquisición da condición de persoal funcionario interino esixe, unha vez seleccionado, o correspondente nomeamento, o acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do resto do ordenamento xurídico, así como, o compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións e a correspondente toma de posesión.
 - A adquisición da condición de persoal eventual esixe, en todo caso, ademais da sinatura do contrato, o acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía e do resto do ordenamento xurídico, así como do compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións.
 - Ningunha das anteriores é correcta.
53. Segundo o Decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese a existencia de infrarrepresentación nun determinado corpo ou escala, grupo ou categoría da administración:
- Cando exista unha diferenza porcentual de polo menos 20 puntos entre o número de mulleres e homes.
 - Cando exista unha diferenza porcentual de polo menos 25 puntos entre o número de mulleres e homes.
 - Cando exista unha diferenza porcentual de polo menos 10 puntos entre o número de mulleres e homes.
 - Ningunha das anteriores é correcta.
54. Tendo en conta o disposto na Lei 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, en relación coa limitación no tratamento dos datos persoais:
- O tratamento dos datos persoais non pode estar limitado en ningún caso.
 - Debe constar claramente nos sistemas de información do responsable.
 - Depende unicamente do criterio do responsable aplicar ou non as limitacións solicitadas no tratamento dos datos.
 - Ningunha resposta é correcta.

55. Tendo en conta o disposto na Lei 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, cando terá a consideración de repetitivo o exercicio do dereito de acceso?
- Cando se exerce máis dunha vez nun período de tres meses.
 - Cando se exerce máis dunha vez nun período de dous meses.
 - Cando se exerce máis dunha vez nun período dun ano.
 - Cando se exerce máis dunha vez nun período de seis meses, a non ser que exista causa lexítima para facelo.
56. A Lei Orgánica 6/2001 de Universidades e o Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC, inclúen a figura do profesorado contratado doutor. Cal é a duración do seu contrato e o seu réxime de dedicación?:
- Terá unha duración máxima de 3 anos a tempo completo.
 - Terá carácter indefinido a tempo parcial.
 - Terá carácter indefinido a tempo completo.
 - Terá duración indeterminada.
57. Tanto a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades como o Decreto 14/2014 polo que se aproban os estatutos da USC, establecen que o persoal docente e investigador contratado computado en equivalencias a tempo completo, non poderá superar unha porcentaxe do número total do persoal docente e investigador da Universidade. Cal é esta porcentaxe?:
- 30%.
 - 49%.
 - 40%.
 - Non se establece límite.
58. Cal das seguintes figuras do persoal docente e investigador contratado ten que ter necesariamente dedicación a tempo parcial:
- Axudante.
 - Axudante doutor.
 - Asociado.
 - Contratado doutor.
59. De acordo coa a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, en que figuras contractuais de persoal docente e investigador, as situacións de incapacidade temporal, maternidade e adopción ou acollemento que xurdan durante o período contractual, interrompen o seu cómputo?:
- As de contratados doutores.
 - As de asociados.
 - As de axudantes e axudantes doutores.
 - Ningunha das anteriores é correcta.
60. A actividade da Universidade, así como a súa autonomía, fundaméntanse no principio de liberdade académica recollido na Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, que se manifesta nas liberdades de:
- Cátedra, xestión e docencia.
 - Investigación, xestión e docencia.
 - Cátedra, xestión e investigación.
 - Cátedra, investigación e estudo.
61. Segundo a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, a creación, modificación e supresión de departamentos universitarios corresponde:
- Á universidade, conforme aos seus estatutos.
 - Ao Senado, conforme ao seu regulamento.
 - Ao Goberno, conforme á Constitución.
 - Á Conferencia Xeral de Política Universitaria, conforme á lexislación vixente.

62. Non corresponde ao persoal de administración e servizos das universidades públicas, dentro das funcións recollidas na Lei Orgánica 6/2001 de Universidades:
- O exercicio da xestión e administración nas áreas de organización administrativa.
 - O soporte á investigación e a transferencia de tecnoloxía.
 - O apoio, asistencia e asesoramento ás autoridades académicas.
 - Establecer as normas básicas para a admisión dos estudantes que soliciten ingresar nos centros universitarios.
63. A quen lle corresponde regular o procedemento de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios segundo a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades?:
- Ao Ministerio de Educación e Formación profesional.
 - Ao Ministerio de Universidades.
 - Ao Goberno, co informe previo do Consello de Universidades.
 - Ao Consello de Universidades.
64. Segundo a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, a quen lle corresponde regular o réxime retributivo do persoal docente e investigador contratado nas Universidades Públicas?:
- Ao Consello de Universidades.
 - Ao Goberno.
 - Ao Ministerio de Universidades.
 - Ás comunidades autónomas.
65. O Decreto 14/2014 polo que se aproban os estatutos da USC establece que a aprobación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal de administración e servizos correspóndelle ao:
- Consello de Goberno por proposta dos órganos de representación do persoal e co informe do Consello Social.
 - Claustro Universitario por proposta do Consello Social.
 - Consello de Goberno por proposta da Xerencia, previa negociación cos órganos de representación do persoal, e co informe do Consello Social debendo informar ao Claustro.
 - Consello Social.
66. Segundo o Decreto 14/2014 polo que se aproban os estatutos da USC, o persoal de administración e servizos depende:
- Organicamente do centro, departamento ou servizo ao que estea adscrito o seu posto de traballo.
 - Funcionalmente da Xerencia e organicamente da Vicerreitoría da que dependa o servizo ao que estea adscrito.
 - Organicamente da Xerencia e funcionalmente da dirección do centro, departamento ou servizo ao que estea adscrito o seu posto de traballo.
 - O Persoal de administración e servizos depende orgánica e funcionalmente do Consello de Goberno.
67. É un órgano unipersonal da USC recollido no Decreto 14/2014 polo que se aproban os estatutos da USC:
- O Consello de Goberno.
 - O secretario administrativo de departamento.
 - O responsable da unidade de xestión de centros e departamentos.
 - O subdirector de escola.
68. Os traballadores, de acordo coa súa formación e seguindo as instrucións do empresario, segundo a Lei 31/1995 de prevención de Riscos Laborais, deberán en particular:
- Informar de inmediato á Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo acerca de calquera situación que poida entrañar riscos para a seguridade dos traballadores.
 - Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, sen ter en conta as instrucións recibidas por este.
 - Poñer fóra de funcionamento os dispositivos de seguridade existentes nos lugares de traballo.
 - Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras.

69. Segundo a Lei 31/1995 de prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo:
- Deberá recaer sobre os traballadores.
 - Deberá recaer conxuntamente sobre traballadores e empresarios.
 - Deberá recaer conxuntamente sobre traballadores, empresarios e administracións públicas.
 - Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.
70. Tendo en conta o disposto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, a competencia:
- O titular da competencia pode renunciar á súa titularidade en favor doutros órganos administrativos.
 - É irrenunciable e será exercida polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou advocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou noutras leis.
 - É irrenunciable, pero nos casos de delegación de competencias ou encomendas de xestión al térase a titularidade da mesma, que pasa a outros órganos administrativos xerarquicamente dependentes do titular da competencia.
 - É irrenunciable, agás no caso da suplencia por enfermidade grave.
